

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO
Orde do 18 de xuño de 2021(DOG do 1.07.2021)**

AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base décima, apartados primeiro e segundo da Orde do 18 de xuño de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración fai pública, como anexo a esta resolución, na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe de puntuacións provisionais, por orde de puntuación, abríndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á data de publicación desta listaxe, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico á secretaría da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: cooperacion.exterior@xunta.gal

No prazo de reclamacións non se terá en conta a achega de novos méritos que non sexan os acreditados documentalmente no prazo de presentación de solicitudes.

A data límite para o envío das reclamacións sobre a listaxe provisional é o venres 13 de agosto ás 14 horas.

De acordo co disposto no apartado segundo da dita base décima da Orde de convocatoria, logo de resolverse as reclamacións, publicarase na páxina web a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e convocaranse aos 18 aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos a unha entrevista persoal, indicando a data e a hora de realización dela.

As horas das entrevistas serán fixadas no momento da publicación da listaxe definitiva de valoración dos méritos das persoas aspirantes.

Infórmase que está prevista a realización das **entrevistas** persoais en Santiago de Compostela **a principios do mes de setembro.**

Documento asinado electronicamente

A presidenta da comisión de valoración
Pilar Romero Rodríguez

